



MINISTERIO DE XUSTIZA

CONVOCATORIA: Orde PCM/188/2021, do 2 de marzo

MODELO DE RESPUESTA FINAL **AVALIACIÓN DE MODALIDADE ONLINE EXAME 5 DE XULLO**

MATERIAS COMÚNS AO EXERCICIO DA PROFESIÓN DE ABOGADO/A

1 - Jaume incorporouse o 10 de xaneiro de 2021 a un colexio de avogados como non exercente. Nas eleccións que se convocan o 25 de abril de 2021 para nomear o decano e demais cargos da Xunta de Goberno do dito colexio, cal das seguintes afirmacións é correcta en relación coa participación que nelas pode ter Jaume?

- a) Non poderá participar como elector porque non transcorreu o prazo necesario para poder participar.
- b) Poderá presentarse para ser elixido decano porque transcorreu o prazo que fixa o Estatuto xeral da avogacía española desde que se incorporou.
- c) **Poderá participar como elector, aínda que o seu voto non ten igual valor que o dos avogados exercentes.**
- d) Poderá presentarse como candidato a máis dun cargo dos que que teñan que ser elixidos nesa convocatoria.

2 - Juan José, abogado, decide presentar contra o seu cliente Miguel, que non lle pagou os seus honorarios pola súa intervención nun procedemento xudicial de desafiuzamento, reclamación de honorarios a través do procedemento regulado no artigo 35 da Lei de axuízamento civil, para o que presenta minuta detallada e manifesta que os honorarios lle son debidos e non foron satisfeitos. Sinale a resposta correcta:

- a) Presentada a reclamación, o xuíz requirirá o debedor para que pague ou impugne a conta no prazo de dez días.
- b) Será necesario que Juan José designe un procurador para presentar a reclamación se a minuta excede de 2000 €.
- c) **Se ao ser requirido Miguel, este non formula oposición no prazo de dez días, despacharase execución pola cantidade a que ascenda a minuta.**
- d) Miguel pode impugnar a conta por considerar os honorarios indebidos ou por excesivos, e unha vez formulada a impugnación por calquera deses dous motivos, o letrado da Administración de Xustiza ditará un decreto polo que resolva o que proceda, sen necesidade de lle dar traslado a Juan José respecto da impugnación presentada dado que este xa tivo que presentar unha minuta detallada ao facer a reclamación.

3 - Conforme a Lei orgánica do poder xudicial, poden establecerse xulgados de violencia sobre a muller que estendan a súa xurisdición a dous ou máis partidos xudiciais?

- a) Non, porque en todo partido xudicial ten que existir sempre e necesariamente un xulgado de violencia sobre a muller.

b) Si. O Goberno, a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial e, se é o caso, con informe da comunidade autónoma con competencias en materia de Xustiza, poderá establecer mediante real decreto que os xulgados de violencia sobre a muller que se determinen estendan a súa xurisdición a dous ou máis partidos dentro da mesma provincia.

c) Si, pero unicamente poderá facerse mediante norma con rango de lei.

d) Si, poderao acordar o Consello Xeral do Poder Xudicial, cando resulte conveniente en función da carga de traballo existente, sempre que exista informe favorable das salas de goberno e da comunidade autónoma afectada.

4 - Marcos, avogado de profesión, comunicoulle a substitución profesional ao avogado Felipe, que estaba a defender a Verónica nun procedemento ordinario de reclamación de cantidades. Felipe, diligentemente, notifícalle a recepción e entrégalle a Marcos a documentación que figura no seu poder, sen que, pasados máis de tres meses, Verónica lle aboe os honorarios profesionais a Felipe. Neste caso,

a) Na medida en que non foron aboados os honorarios de Felipe, este non ten a obriga de respectar e preservar o segredo profesional sobre a información e documentación recibida.

b) Felipe ten dereito a reclamar os honorarios que correspondan á súa intervención profesional e Marcos ten o deber de colaborar diligentemente na xestión do seu pago.

c) Felipe debe poñer a situación en coñecemento do colexio profesional ao que pertenza, e este notificará no prazo de dez días hábiles a Marcos que non pode defender a Verónica ata que non lle aboe os honorarios a Felipe.

d) Marcos pode comparecer no procedemento e actuar no devandito asunto coa condición de que a comunicación fose escrita, sen que teña que realizar ningún tipo de xestión engadida en favor de Felipe.

5 - De acordo coa regulación que recolle o Estatuto xeral da avogacía, se un colexio quere modificar os seus estatutos particulares, que procedemento haberá de seguirse?

a) O Consello Xeral da Avogacía Española elaborará o proxecto e a súa aprobación correspóndelle á Xunta de Goberno do colexio correspondente.

b) O proxecto de modificación ten que ser aprobado por xunta xeral extraordinaria do colexio e sometido ao Consello Xeral da Avogacía Española para a súa aprobación.

c) Non é necesaria a aprobación do Consello Xeral da Avogacía Española porque rexerá en todo caso o que aprobe o colexio correspondente.

d) Non é necesario que interveña o Consello Xeral da Avogacía Española porque se trata dunha mera modificación.

6 - Roberto é sancionado polo Colexio de Avogados de Barcelona por unha infracción deontolóxica coa inhabilitación para o exercicio da profesión durante o prazo dun mes. Notificada a firmeza da sentenza que confirma a sanción, Roberto comproba que cinco días despois ten sinalado un xuízo en Málaga. Indique a única resposta correcta:

a) Roberto poderá acudir ao xuízo tendo en conta que a sanción unicamente será efectiva no ámbito do colexio que impuxo a sanción.

b) Roberto poderá acudir ao xuízo tendo en conta que en caso contrario ocasionaría indefensión ao seu cliente.

c) Roberto poderá acudir ao xuízo tendo en conta que non transcorreran os dez días que ten para que a sanción sexa efectiva.

d) Roberto non poderá acudir ao xuízo.

7 - Segundo a Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, como se determina a capitalidade dos partidos xudiciais?

- a) En virtude de acordo do Consello Xeral do Poder Xudicial.
- b) En virtude de real decreto, polo Goberno a proposta do Ministerio de Xustiza.
- c) En virtude de lei, polas comunidades autónomas.
- d) En virtude de norma regulamentaria, polas comunidades autónomas.

8 - Sofía, avogada, remite un correo electrónico a Ramón, avogado con quen está negociando un procedemento matrimonial, facendo constar no correo que este non está suxeito a segredo profesional. Finalmente non se alcanza un acordo, e ao preparar a demanda pregúntase se pode achegar unha copia da comunicación enviada a Ramón. Indique a resposta correcta:

- a) Sofía poderá achegar a comunicación coa demanda.
- b) Sofía unicamente poderá achegar a comunicación coa demanda se Ramón presta o seu consentimento para iso.
- c) Sofía non poderá achegar a comunicación coa demanda, dado que supoñería vulneración do segredo profesional.
- d) Sofía poderá achegar a comunicación coa demanda se previamente o autoriza o colexio de avogados.

9 - A través de que procedemento pode impoñérselle a un avogado unha sanción disciplinaria de suspensión do exercicio da avogacía por prazo dun ano?

- a) Requírese tramitación de expediente disciplinario e a sanción poderá ser acordada polo decano do colexio.
- b) Non se require máis trámite que a audiencia ou descargo do inculpado e a sanción poderá ser acordada polo decano do colexio.
- c) Requírese a tramitación de expediente disciplinario, e a sanción deberá ser acordada pola Xunta de Goberno. Este acordo deberá ser tomado mediante votación secreta e coa conformidade das dúas terceiras partes dos compoñentes da Xunta.
- d) Requírese a tramitación de expediente disciplinario e a sanción deberá ser acordada pola Xunta de Goberno. O acordo pode adoptarse por maioría simple e sen necesidade de voto secreto, pois o segredo só é necesario para impoñer a sanción de expulsión do colexio.

10 - Aurora é avogada do Colexio de Lanzarote e mentres estaba a prestar o servizo de asistencia a detidos recibe unha chamada para asistir na comisaría da Policía Nacional un detido. No momento da lectura de dereitos, o detido manifesta que solicitou que o asistise Juan Alberto, que é o seu avogado de confianza. A Policía indícalle que a súa señoría ditou un auto polo que se acorda que o asista o de garda. Que debe facer Aurora como avogada de garda?

- a) Negarse a asistir o detido xa que se está vulnerando o dereito á libre elección de avogado.
- b) Asistir o detido indicándolle que se acolla ao seu dereito a non declarar.
- c) Chamar o compañeiro Juan Alberto co fin de que compareza no centro de detención o máis axiña posible para asistir o seu cliente.
- d) Asistir o detido como en calquera outro caso, pois os xuíces poden privar do dereito para designar avogado da súa confianza a un detido.

11 - Miren, fabricante de botóns, quere reclamar a Gorka, propietario dunha mercería, a través do xuízo verbal, a cantidade que este lle debe por deixarlle impagado un pedido de 800 €. Sinala cal das seguintes afirmacións é falsa:

- a) Pode efectuar a reclamación da dita cantidade sen necesidade de avogado.
- b) Se Miren presenta a demanda con avogado e procurador, Gorka pode decidir valerse tamén de avogado e procurador e solicitar o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta.
- c) Se Miren presenta a demanda sen asistencia de avogado e procurador, e Gorka comunica ao Tribunal a súa decisión de acudir ao proceso con avogado e procurador, darase conta a Miren desta circunstancia. Miren poderá decidir entón valerse dun avogado e procurador, aínda que xa non poderá solicitar o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta.
- d) A pesar de non ser preceptiva a intervención de avogado e procurador, Miren pode, facéndoo constar na demanda, actuar asistida polos ditos profesionais.

12 - A Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta de Badaxoz denegoulle este dereito a María, solicitante deste dereito, ao entender que os seus recursos económicos superaban os limiares legais para o seu recoñecemento. Desconforme con esta resolución, María quere impugnala. Indique a resposta correcta:

- a) María debe presentar un escrito de impugnación ante o secretario da Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta de Badaxoz, que remitirá o escrito de impugnación, xunto co expediente correspondente á resolución impugnada e unha certificación desta, á Comisión Central de Asistencia Xurídica Gratuíta, para que este órgano resolva a impugnación.
- b) María debe presentar un escrito de impugnación ante o secretario da Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta de Badaxoz, e este remitirá o escrito de impugnación xunto co expediente e unha certificación da resolución impugnada ao xulgado ou tribunal competente ou ao xuíz decano para a súa repartición, se o procedemento non se iniciase. O xuíz ou o tribunal será quen resolva mantendo ou revogando a impugnación, sen que caiba recurso contra a decisión xudicial.
- c) María debe presentar directamente un escrito de impugnación ante o órgano xudicial competente, e se o xuíz acorda manter a resolución impugnada, María pode presentar recurso ante o Tribunal Superior de Xustiza de Extremadura.
- d) María necesita un avogado para poder presentar a impugnación, aínda que os honorarios deste correrán a cargo da Comisión Central de Asistencia Xurídica Gratuíta no caso de que se revogase a resolución de denegación.

13 - De acordo coa Lei orgánica do poder xudicial, das pretensións de declaración de erro xudicial cando este se impute a unha Sala do Tribunal Supremo coñecerá:

- a) A Sala do Civil do Tribunal Supremo.
- b) A Sala do Tribunal Supremo á que se lle impute o erro.
- c) A Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo.
- d) Unha sala regulada no artigo 61 da Lei orgánica do poder xudicial formada polo presidente do Tribunal Supremo, os presidentes de sala e o maxistrado máis antigo e o máis moderno de cada unha delas.

14 - Francisca, avogada, é sancionada por unha infracción grave polo Colexio de Avogados de Sevilla cunha suspensión do exercicio da avogacía por un prazo dun mes. Indique a resposta correcta:

- a) A dita sanción ten un prazo de prescrición de dous anos.
- b) A dita sanción ten un prazo de prescrición de tres anos.
- c) A dita sanción ten un prazo de prescrición dun ano.

d) A dita sanción ten un prazo de prescrición de seis meses.

15 - Alfredo, avogado en exercicio, presenta unha contestación a unha demanda na cal, referíndose ao avogado da parte contraria, di literalmente: “que é un inepto e que a súa atrevida ignorancia non deixa de causar continuo rubor”. Pode utilizar esa expresión?

a) Si, porque esta expresión resulta xustificada polo dereito de defensa do cliente.

b) Non, porque coa dita expresión falta ao respecto ao avogado contrario. É unha expresión innecesaria para o exercicio do dereito de defensa do cliente.

c) Si, porque está amparada pola liberdade de expresión.

d) Non. Esas expresións unicamente poden realizarse nos informes orais, pero non nos escritos xudiciais.

16 - Estela presentou unha demanda de xuízo ordinario contra Francisco reclamándolle unha débeda. Á vista da demanda, Francisco pensa que esta ten grandes posibilidades de prosperar, polo que lle pregunta ao seu avogado se achantando coa demanda pode evitar a imposición das custas. Indique a resposta que lle debe dar o seu avogado:

a) Se Francisco achanta coa demanda, sexa antes ou sexa despois de contestala, nunca lle poderán ser impostas as custas.

b) Se Francisco achanta coa demanda, sexa antes ou sexa despois de contestala, sempre lle van ser impostas as custas, posto que as pretensións de Estela se van ver integramente acollidas.

c) Se Francisco achanta coa demanda antes de contestala, non se lle impondrán as custas, agás que o tribunal, razoándoo debidamente, aprecie mala fe en Francisco.

d) Sempre que achante antes de contestar a demanda non procederá a imposición das custas a Francisco, mesmo aínda que Estela lle fixese un requirimento notarial de pago debidamente xustificado previo á demanda.

17 - Sinala a resposta correcta en materia de postulación de acordo coa Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria:

a) No expediente de adopción non resulta preceptiva a intervención de avogado e procurador.

b) É obrigatoria a intervención de avogado e procurador nos expedientes sobre declaración de ausencia e falecemento.

c) Nos expedientes polos que o representante legal dun menor promova a autorización xudicial para a validez de actos de disposición ou gravame sobre bens ou dereitos do menor nunca é necesaria a intervención de avogado e procurador.

d) No expediente para solicitar a convocatoria de xuntas xerais non é obrigatoria a intervención de avogado e procurador.

18 - A sociedade de responsabilidade limitada X está en situación de insolvencia e solicitou que lle sexa recoñecido o dereito de asistencia xurídica gratuíta para poder solicitar o concurso de acredores. Indique a única resposta correcta:

a) O dereito de asistencia xurídica gratuíta non é recoñecible en ningún caso nos procedementos concursais.

b) O dereito de asistencia xurídica gratuíta unicamente lle sería recoñecible en caso de concurso necesario.

c) Dado que carece de recursos económicos, deberá serlle recoñecido o dereito de asistencia xurídica gratuíta.

d) A pesar de carecer de recursos económicos, non ten dereito á asistencia xurídica gratuíta.

19 - Cal das seguintes condutas que realizou Esther como avogada non constitúe un suposto que poida xerar responsabilidades penais para ela?

a) Esther asesorou a Javier, divorciado, sobre as posibilidades legais para conseguir unha rebaixa da pensión compensatoria que viña obrigado a satisfacer á súa esposa Irene. Posteriormente, e sen consentimento de Javier, Esther representou a Irene opoñéndose á rebaixa pretendida por Javier no procedemento de modificación de medidas de divorcio que finalmente interpuxo Javier.

b) Esther, actuando nun procedemento de despedimento, malia ser sabedora de que non ían declarar a verdade, presentou varias testemuñas ao xuízo que expuxeron un relato de feitos ficticio que a propia Esther inventara para favorecer o seu patrocinado.

c) A pesar de estar correctamente citada, non compareceu á declaración do investigado a quen defendía ante o xulgado de instrución, provocando que esta declaración tivese que suspenderse.

d) A pesar de que nun procedemento no que interviña estaba declarado o segredo das actuacións, Esther revelou o seu contido.

20 - Antonio, avogado, recibiu dun cliente unha provisión de fondos que foi destinando, con permiso do citado cliente, ao pagamento de diversos suplidos devindicados na súa defensa. Unha vez terminado o asunto o avogado e o cliente discrepan sobre os honorarios pendentes de pagamento, porque o avogado os cifra nunha cantidade superior á que queda de provisión; mentres que o cliente considera, á vista do resultado negativo do asunto, que non debe nada e esixe que se lle devolvan os fondos restantes da provisión ata solucionar a discrepancia. Que resposta é correcta?

a) O avogado non pode reter os fondos, aínda que leve razón en que se lle deben honorarios profesionais, porque están prohibidas a compensación e autoliquidación.

b) O avogado pode reter os fondos, mentres non dispoña deles e coa única finalidade de garantir a cobranza, ata que se resolva a discrepancia sobre os honorarios.

c) O avogado só pode reter a parte dos fondos que non exceda do importe dos seus honorarios.

d) O avogado pode, ao seren créditos vencidos, líquidos e esixibles, aplicar o mecanismo legal da compensación de pagos e debe devolver o sobranse.

21 - Cal das seguintes afirmacións é correcta en relación coas posibilidades de intervención do Ministerio Fiscal no recurso de amparo constitucional?

a) O Ministerio Fiscal intervirá en todos os procesos de amparo.

b) Só intervirá con carácter necesario no proceso de amparo referido a violacións de dereitos e liberdades con orixe nun acto ou omisión dun órgano xudicial e sempre que fose parte no proceso xudicial previo.

c) Non está lexitimado para interpoñer o recurso de amparo no caso de violacións de dereitos ou liberdades orixinadas por decisións ou actos sen valor de lei emanados das Cortes.

d) Está lexitimado para interpoñer o recurso de amparo no caso de violacións de dereitos ou liberdades orixinadas por decisións ou actos sen valor de lei emanados das Cortes, pero non no caso de violacións de dereitos e liberdades que poida orixinar a actuación do Goberno.

22 - Felipe interpuxo denuncia contra Olaya, que se tramita de acordo co procedemento para o xuízo por delitos leves. Consonte as normas reguladoras deste, indique cal é a resposta correcta:

a) Nas citacións que se efectúen a Felipe e Olaya para a celebración do xuízo informaráselles de que poden ser asistidos por avogado se o desexan, non existindo ningún suposto no ámbito do

xuízo por delitos leves en que se impoña asistencia letrada con carácter obrigatorio ao denunciado ou investigado.

b) Dado que nos atopamos ante un procedemento penal, a Lei de axuizamento criminal impón que Olaya conte necesariamente en todo caso con asistencia de avogado para salvagardar o seu dereito de defensa.

c) Se Olaya é denunciada por un delito leve que leve aparelhada pena de multa cuxo límite máximo sexa de polo menos seis meses, Olaya deberá contar con avogado e procurador conforme as regras xerais de defensa e representación do procedemento penal para que se poida axuizar este delito leve.

d) É obrigatorio que Olaya conte con avogado e procurador unicamente no caso de que sexa denunciada por un delito leve de usurpación de inmovible, vivenda ou edificio alleos que non constitúan morada.

23 - En cal dos seguintes supostos deberá satisfacerse a taxa polo exercicio da potestade xurisdiccional?

a) Cando se interpoña recurso de apelación contra unha demanda de divorcio polo cónxuxe que non teña recoñecido dereito á asistencia xurídica gratuíta.

b) Cando se solicite concurso voluntario polo debedor persoa xurídica.

c) Cando se presente petición inicial do procedemento monitorio por unha sociedade de responsabilidade limitada para reclamar unha contía de 3000 €.

d) Cando unha persoa física que non teña dereito á asistencia xurídica gratuíta presente demanda de xuízo ordinario en reclamación de cantidade que exceda de 6000 €.

24 - Nun xulgado de violencia sobre a muller está a tramitarse un procedemento penal contra Federico, investigado por un delito de malos tratos denunciado pola súa esposa Elena, delito que pode ser castigado coa pena de prisión de seis meses a un ano. Así mesmo, está a tramitarse o procedemento de divorcio entre eles, no cal as posicións das partes sobre as súas pretensións económicas e sobre as súas relacións cos fillos están moi afastadas. É posible a mediación en tales asuntos?

a) Resultará posible a mediación sempre que non lle fose imputado no procedemento penal un delito sancionado con pena que poida alcanzar dous ou máis anos de prisión, polo cal en atención á pena aparelhada ao delito será posible a mediación.

b) Non é posible a mediación por estar legalmente prohibida.

c) Si, posto que a mediación, ao ter un carácter voluntario, pode ter lugar en todo tipo de procedementos.

d) A mediación só sería posible no caso de que o delito imputado a Federico fose un delito leve.

25 - Monique, cidadá francesa, residente en París, disputa a herdanza causada polo seu esposo falecido José Luis cos fillos deste, Amanda e Pedro, que son de nacionalidade española pero residentes en Alemaña. José Luis deixa por herdanza unicamente un predio situado en Granada. José Luis era español no momento de falecer aínda que tiña a súa residencia habitual en París. Sinala a resposta correcta en relación coa competencia dos tribunais españois no caso de que Monique decida demandar en España os fillos de José Luis:

a) Só en virtude de submisión expresa poderán coñecer os tribunais españois.

b) Non é posible que poidan coñecer desta materia os tribunais españois porque ao residiren tanto demandante como demandados fóra de España o único criterio que lles pode atribuír competencia aos tribunais españois é o da derradeira residencia habitual do causante.

c) Monique pode acudir aos tribunais españois dado que os bens se atopan en España e José Luis era español no momento do falecemento.

d) Monique non pode demandar os fillos de José Luis en España debido a que para poder facelo tería que ser española ou residir habitualmente en España ou, en todo caso, polo menos desde seis meses antes da presentación da demanda

26 - Pedro é o titor de Ignacio. Este último pode verse inmerso nun preito custoso e Pedro considera que podería ser razoable a unha transacción para evitar este preito. Por iso Pedro pregúntalle ao seu avogado se pode, en nome de Ignacio, chegar a unha transacción que afecte os dereitos de Ignacio. Que debe responderlle o avogado?

a) Que sempre que a contía do asunto ao que se refira a transacción non supere 6000 € non necesitará de autorización previa xudicial para transixir.

b) Que necesitará obter autorización xudicial para poder transixir sobre cuestións en que Ignacio estivese interesado.

c) Que pode transixir sobre cuestións en que o tutelado estivese interesado sen necesidade de autorización xudicial, bastando que posteriormente na rendición anual de contas informe da transacción.

d) Que non cabe legalmente nin pode autorizarse en ningún caso a posibilidade de que o titor transixa sobre cuestións en que o tutelado estivese interesado.

27 - Julen, avogado, ten unha relación de amizade con Marcela, que quere interpoñer unha demanda para reclamar unha indemnización por danos sufridos nun accidente de tráfico que lle causou graves secuelas permanentes. Marcela solicita asistencia xurídica gratuíta, que se lle recoñece, e está conforme co procurador de oficio designado, aínda que preferiría que no dito proceso interviñese o seu amigo Julen en lugar do avogado designado de oficio. Pode Marcela conseguir que interveña Julen no procedemento e conservar o procurador designado de oficio?

a) Non, debido a que como solicitante de asistencia xurídica gratuíta só lle cabe a Marcela aceptar o avogado de oficio designado.

b) Non, debido a que en ningún caso poderán actuar simultaneamente o procurador de oficio e un avogado libremente elixido, polo cal Marcela de maneira necesaria terá que renunciar simultaneamente ao avogado e procurador designados de oficio se quere que interveña Julen.

c) Si, pola natureza da demanda, Marcela pode conservar o procurador de oficio e designar libremente o avogado elixido, se con este acorda o pagamento dos honorarios en contía inferior á metade do establecido polos baremos orientadores do colexio.

d) Si, pero para iso é necesario que Julen renuncie por escrito a percibir os seus honorarios ante Marcela e ante o colexio onde estea rexistrado.

28 - O Xulgado de Primeira Instancia nº 43 de Madrid, que coñece dun procedemento ordinario, considera que para resolver sobre o obxecto do litixio cómpre decidir acerca dalgunha cuestión que, á súa vez, constitúe o obxecto principal doutro proceso pendente ante outro xulgado de primeira instancia, sen que sexa posible a acumulación de autos. Que consecuencia poderá ter a estimación da concorrencia dunha prexudicialidade civil no proceso pendente ante o Xulgado de Primeira Instancia nº 43 de Madrid?

a) O xulgado poderá coñecer directamente as actuacións pendentes ante o outro xulgado e resolvelas conxuntamente con efectos de cousa xulgada en ambos os procesos.

b) O xulgado deberá continuar o proceso e unicamente poderá suspendelo unha vez que estea pendente só de sentenza.

c) O xulgado deberá sobreeser o proceso por litispendencia.

d) O xulgado poderá decretar a suspensión do curso das actuacións no estado en que se atopen, ata que finalice o proceso que teña por obxecto a cuestión prexudicial.

29 - Xoel, cónxuxe demandado, foi declarado en rebeldía. Posteriormente celebrouse o xuízo de divorcio, no cal non compareceu. Tras a vista, e ao revisar as actuacións, a xuíza Sabela decátase de que o intento de notificarlle a demanda foi infrutuoso e foi devolto polo servizo de Correos por “descoñecido”. Que pode facer a xulgadora?

a) Dado o estado das actuacións, só lle cabe ditar sentenza e advertir, na notificación desta a Xoel, do seu dereito para recorrer contra ela por defecto de forma.

b) Ao producirse un defecto procesual causante de indefensión, pode, de oficio, antes de ditar sentenza, declarar, tras a audiencia das partes, a nulidade da declaración de rebeldía e da vista.

c) Pode declarar a nulidade das actuacións unicamente se o solicita a parte demandante, o demandado ou o Ministerio Fiscal.

d) Non poderá declarar de oficio a nulidade de actuacións dado que non existe falta de xurisdición, competencia obxectiva ou funcional ou violencia ou intimidación que afectase o tribunal.

30 - Juan acode ao Xulgado de Violencia sobre a Muller de Burgos para asistir o seu cliente na comparecencia para resolver a medida cautelar que solicitara fronte á súa actual parella. Ao chegar comproba que coñece a Ángeles, avogada que está a asistir o investigado, e que lle consta que hai un mes comezou a cumprir unha sanción disciplinaria de suspensión do exercicio da avogacía por un prazo de seis meses imposta polo Colexio de Avogados de Valladolid. Antes de se iniciaren as actuacións Juan diríxese á súa compañeira e reservadamente indícalle que ela non pode actuar xa que está a cumprir unha sanción que lle impide. Ángeles fai caso omiso da advertencia e comparece como avogada do investigado na comparecencia. Sinala a resposta verdadeira:

a) Trátase dun caso de exercicio legal da profesión xa que a avogada, aínda que suspendida, non o foi polo colexio correspondente ao xulgado onde ten lugar a actuación.

b) Trátase dun caso de exercicio legal da profesión xa que a avogada, aínda que suspendida, está colexiada, polo que Juan non ten obriga de facer nada.

c) Trátase dun caso de exercicio ilegal da profesión por suspensión, polo que Juan, como colexiado que tivo coñecemento disto, ten o deber de denuncialo ao colexio.

d) Trátase dun caso de exercicio ilegal da profesión por suspensión e Juan, como colexiado que tivo coñecemento disto, unicamente ten a obriga de facerlle unha advertencia, coa que xa cumpriu, e non ten que cumprir ningún outro deber.

31 - A que órganos xudiciais corresponde o control xurisdicional da potestade disciplinaria das autoridades penais?

a) Aos xulgados do contencioso-administrativo.

b) Aos xulgados de vixilancia penal.

c) Aos xulgados do penal.

d) Aos xulgados centrais do contencioso-administrativo.

32 - Nun proceso declarativo promovido por un litigante contra catro demandados o tribunal impúxolle as custas ao actor, declarando a súa temeridade. Cal das seguintes respostas é correcta?

a) O actor deberá pagarlle a cada demandado unha cuarta parte das custas causadas pola súa instancia.

b) O actor deberá pagar a totalidade das custas causadas por instancia de cada demandado.

c) O actor só estará obrigado a pagar, da parte que lles corresponda aos avogados e demais profesionais que estean suxeitos a tarifa ou arancel, unha cantidade total que non exceda da terceira parte da contía do proceso, por cada un dos litigantes.

d) O actor deberá pagar ao conxunto dos demandados unha cantidade total que non exceda da terceira parte da contía do proceso.

33 - As partes dun procedemento matrimonial alegaron nel sobre as súas pretensións de divorcio, vivenda familiar, pensión compensatoria, custodia e visitas dos seus fillos e pensión de alimentos destes. Antonio, maxistrado, resolve na sentenza sobre todos estes aspectos excepto sobre a vivenda familiar, respecto da que esquece pronunciarse. Doutra banda, Antonio motiva claramente nos fundamentos de dereito que a pensión debe ser de 300 € para cada fillo, pero na parte dispositiva equivócase e establece unha pensión de 50 €. Cal das seguintes respostas é falsa tendo en conta as posibilidades que existen para que o maxistrado complete, corrixa ou emende a sentenza?

a) Poderá rectificarse en calquera momento o erro existente na parte dispositiva que indica que a pensión é de "50 €".

b) Antonio rexeitará a solicitude que se lle realice para rectificar a pensión compensatoria, se se basea en que a xuízo da parte o maxistrado fixo unha errónea valoración da súa capacidade económica, dado que a dita petición excede das posibilidades de aclaración, rectificación, corrección ou complemento de sentenzas.

c) O maxistrado poderá, de oficio ou por instancia de parte, completar por auto a falta de pronunciamento sobre a vivenda familiar.

d) O maxistrado poderá efectuar aclaración de sentenza se as partes piden que a aclare, e o auto que resolva sobre a petición de aclaración poderá ser recorrido ante o propio maxistrado.

34 - Josu compareceu na sede do Xulgado de Instrución Número 2 de Vitoria para asistir ás declaracións que van prestar dúas testemuñas citadas para tal fin nas dilixencias previas que se están a tramitar contra o seu cliente, investigado no procedemento. Tomás, avogado comparecido en exercicio da acusación particular, comunícalle ao xulgado que debido a un accidente na autoestrada se vai atrasar 20 minutos. Como debe actuar Josu?

a) Josu non está obrigado a concederlle a Tomás ningún prazo de espera xa que este está a desprazarse desde unha localidade distinta a aquela na que radica a sede do xulgado de instrución.

b) Josu está obrigado a concederlle a Tomás un prazo prudencial de espera para a celebración das declaracións das testemuñas se o xulgado, se é o caso, o autoriza para evitar a indefensión do adversario.

c) Josu está obrigado a concederlle a Tomás en todo caso un prazo máximo de espera de 10 minutos para a celebración das declaracións das testemuñas, aínda que o xulgado non o autorice.

d) Josu non está obrigado a concederlle a Tomás ningún prazo de espera xa que se trata da práctica das declaracións dunhas testemuñas e non do investigado.

35 - Despois de falecer Ana María, unha persoa realiza nun programa de televisión unha serie de afirmacións sobre ela. Tales afirmacións poden considerarse lesivas para o honor, a intimidade e a imaxe da falecida. Quen podería exercitar accións de protección civil destes dereitos de Ana María?

a) Ninguén, porque non cabe exercicio de accións de protección civil do honor, a intimidade ou a imaxe dunha persoa falecida.

b) Soamente os descendentes de Ana María poderían solicitar tutela xudicial civil para protexer o honor, a intimidade ou a imaxe de Ana María.

c) O exercicio das accións de protección civil do honor, a intimidade ou a imaxe de Ana María corresponde a quen esta designase para ese efecto no seu testamento. De non existir

designación ou de falecer a persoa designada, estarán lexitimados para solicitaren a protección o cónxuxe, os descendentes, ascendentes e irmáns de Ana María que vivisen no momento do seu falecemento, e á falta de todos eles, o exercicio das accións de protección corresponderalle ao Ministerio Fiscal.

d) Unicamente están lexitimados o cónxuxe, os descendentes, ascendentes e irmáns de Ana María.

36 - Tras ditarse o laudo arbitral nun asunto sometido a arbitraje, Gloria non está conforme, polo que lle indica a Marta, a súa avogada, que solicite a súa anulación. Ante que órgano xudicial ten que expoñer a anulación do laudo arbitral?

a) O xulgado do mercantil do lugar onde se ditase.

b) O xulgado de primeira instancia do lugar onde se ditase.

c) A sala do civil e do penal do tribunal superior de xustiza da comunidade autónoma onde aquel se ditase.

d) A audiencia provincial do lugar en que se ditase.

37 - Joaquim pretende litigar contra o seu veciño, dono dun bar, polos ruídos que segundo manifesta lle causaron numerosos problemas de saúde polos que pretende ser indemnizado. Solicitou asistencia xurídica gratuíta e recoñecéuselle o dereito, polo que lle foron nomeados avogado e procurador. Alberto, avogado designado, non sabe se a pretensión é sostible ou non, porque Joaquim non lle quere entregar a documentación acreditativa dos problemas de saúde alegados. Sinale a resposta correcta:

a) Alberto ten, desde a súa designación, un prazo para lle comunicar á Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta a insostibilidade da pretensión, sen que se prevexa causa ningunha que permita a Alberto pedir a interrupción de tal prazo.

b) Alberto, no prazo legal, deberá comunicarlle á Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta se considera insostible a pretensión ou ben deberá pedir a interrupción do dito prazo por falta da documentación necesaria para avaliar a pretensión, pois se non o fai quedará obrigado a asumir a defensa.

c) Se Alberto solicita a interrupción do prazo para poder formular a insostibilidade da pretensión por falta de documentación para poder avaliala, pero con todo a Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta considera que a documentación coa que contaba Alberto era suficiente para analizar a súa viabilidade, quedará obrigado a asumir a defensa sen poder alegar insostibilidade.

d) Se Alberto solicita a interrupción do prazo para poder formular a insostibilidade da pretensión alegando falta de documentación necesaria para poder avaliala, a Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta requirirá o interesado para que presente a documentación, e se este non o fai no prazo legal, solicitarase do Colexio de Avogados un ditame sobre a viabilidade da pretensión.

38 - Pablo, avogado, alcanza un acordo extraxudicial cunha compañía aseguradora, pola que esta indemnizará o seu cliente Alberto coa cantidade de 30.000 € polos danos ocasionados nun accidente de tráfico. Pablo indícalle á compañía que efectúe o pago nunha conta bancaria, titularidade do despacho, coa que se atenden todos os ingresos e gastos relacionados coa súa actividade profesional. Recibido o pago da indemnización, Pablo detrae os seus honorarios profesionais, paga a minuta do perito contratado para a acreditación dos danos sufridos por Alberto e ordena unha transferencia a este pola cantidade restante, enviándolle un correo electrónico en que lle explica e detalla todas as operacións realizadas. Cal das seguintes afirmacións é certa?

a) A actuación de Pablo é correcta, porque debe presumirse que hai unha autorización tácita para tales operacións.

b) Pablo non pode utilizar a conta do despacho, porque non pode confundir os fondos do cliente cos seus propios ou cos do despacho. Tampouco ordenar pagos salvo disposición legal, mandato xudicial ou autorización expresa do cliente, nin detraer os seus propios honorarios, salvo autorización expresa e escrita.

c) A actuación de Pablo é correcta, porque utiliza unha conta vinculada á actividade profesional do despacho e non unha conta individual, e porque, aínda que Alberto non lle deu autorización expresa, Pablo ofrécelle posteriormente toda a explicación detallada das operacións realizadas.

d) Pablo só pode recibir cantidades destinadas a un cliente ou a terceiros, e realizar pagos ou ordenar transferencias dos ditos fondos, se media mandato xudicial.

39 - Fermín é un avogado sometido a un expediente disciplinario por infracción grave, polo cal só se lle podería impoñer unha sanción de suspensión do exercicio da avogacía por prazo non superior a tres meses. Que sucederá se Fermín se dá de baixa no colexio de avogados antes de que conclúa o expediente disciplinario?

a) Que como a baixa no colexio non extingue a responsabilidade disciplinaria contraída durante o período de alta, concluirase o procedemento disciplinario e a sanción quedará en suspenso para ser cumprida se Fermín causase novamente alta no colexio.

b) Que se Fermín se dá de baixa voluntariamente por tres meses, como este é o prazo máximo posible de sanción, cando cause novamente alta no colexio poderao alegar para que se compense ese período e se archive o expediente sen sanción.

c) Que se extinguirá a responsabilidade disciplinaria, porque son causas de extinción o cumprimento da sanción, o falecemento do colexiado, a baixa no colexio e a prescrición da falta ou da sanción.

d) Que se paralizará no estado en que se atope o procedemento disciplinario por carencia de obxecto e pasados seis meses producirase a caducidade do expediente.

40 - Mercedes é unha persoa con discapacidade intelectual que está a sufrir unha situación de malos tratos físicos que se investiga nun procedemento xudicial. Ten dereito á asistencia xurídica gratuíta no dito procedemento?

a) Mercedes ten dereito á asistencia xurídica gratuíta que se lle prestará de inmediato, aínda que os seus ingresos brutos superen dúas veces o indicador público de renda de efectos múltiples.

b) Mercedes ten dereito á asistencia xurídica gratuíta pero soamente se ten insuficiencia de recursos para litigar.

c) Mercedes pode ter dereito á asistencia xustiza gratuíta, beneficio que se perderá tras a firmeza da sentenza absolutoria ou do sobresemento definitivo ou provisional por non resultaren acreditados os feitos delituosos, o que implicará a obriga de aboar o custo das prestacións gozadas gratuitamente ata ese momento se Mercedes conta con patrimonio suficiente.

d) No caso de que Mercedes teña nomeado un representante legal e este teña ingresos suficientes, non se lle poderá recoñecer a Mercedes dereito á asistencia xurídica gratuíta.

41 - No curso dun procedemento xudicial en que Anxo é parte demandada, pídelle a Adrián, o seu avogado, que solicite a declaración testemuñal de dúas persoas que entende que poden esclarecer os feitos axuizados. Adrián solicita a súa declaración, que é admitida polo xulgado, aínda que no curso do procedemento entende que é mellor que esas persoas non declaren e finalmente renuncia ao seu testemuño. É correcta a actuación de Adrián?

- a) Non foi correcta, dado que a relación avogado-cliente se basea na recíproca confianza.
- b) Non foi correcta, dado que o avogado debe asesorar e defender o cliente co máximo celo e dilixencia.
- c) Non foi correcta, dado que ante a petición do seu cliente o avogado debeu cesar na súa defensa no procedemento ao supoñer iso unha inxerencia á súa independencia e liberdade.
- d) Foi correcta, dado que o avogado ten o dereito para decidir e exercer con absoluta liberdade o modo de defender o asunto encomendado para a mellor defensa do interese do cliente.

42 - De acordo co Convenio para a protección dos dereitos e das liberdades fundamentais, feito en Roma o 4 de novembro de 1950, cal das seguintes afirmacións é certa sobre a lexitimación para presentar demanda ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos?

- a) Só teñen lexitimación as persoas físicas individuais que fosen vítimas dunha violación dos seus dereitos.
- b) Un Estado asinante do convenio non poderá demandar ante o tribunal outro Estado asinante do convenio por posibles incumprimentos do disposto no convenio e os seus protocolos, pois neste caso só cabe establecer unha negociación no Comité de Ministros do Consello de Europa.
- c) As organizacións non gobernamentais están expresamente excluídas da posibilidade de interpoñeren demanda ante o tribunal.
- d) As persoas físicas, organizacións non gobernamentais ou grupos de particulares que se consideren vítimas dunha violación poden presentar demanda ante o tribunal. Os Estados asinantes do convenio tamén poden presentar demanda polos incumprimentos que consideren que poidan ser imputados a outros Estados asinantes.

43 - Mario quere interpoñer unha demanda de divorcio contra a súa esposa Susana, coa que ten un fillo. Os ingresos de Mario non superan o limiar de dúas veces o indicador público de renda de efectos múltiples e non ten bens patrimoniais. Mentres, a súa esposa conta con ingresos económicos anuais que sextuplican o indicador público de renda de efectos múltiples e ademais goza dun cuantioso patrimonio inmobiliario. É posible recoñecerlle a Mario o dereito de asistencia xurídica gratuíta para solicitar o divorcio?

- a) Non, porque o cómputo de recursos e ingresos ten que facerse por unidade familiar, e estes superan amplamente os limiares de renda e bens patrimoniais legalmente establecidos para que se lle conceda o dereito de asistencia xurídica gratuíta.
- b) Si, pola existencia de intereses contrapostos no litixio, polo cal os seus medios económicos serán valorados individualmente.
- c) Non, porque para iso é necesario que formasen unha unidade familiar que tivese recoñecida a condición de familia numerosa de categoría especial.
- d) Si, pero soamente no caso de que Mario tivese unha discapacidade ou tivese ao seu cargo unha persoa con discapacidade.

44 - Paloma, avogada, actúa ante o concello da localidade nun expediente urbanístico en representación do seu cliente, Joaquín. Recibe unha resolución administrativa desfavorable e, á falta de dez días para o vencemento do prazo para interpoñer recurso de alzada, notifica fidedignamente a Joaquín que renuncia á levanza do seu asunto polas diferenzas irreconciliables xurdidas entre ambos. Na notificación da renuncia, Paloma pon á disposición de Joaquín toda a información relevante do asunto, comunícalle o importe dos seus honorarios, advértelle do prazo para interpoñer o recurso e indícalle que deberá ser o novo avogado, ou o propio Joaquín, quen deba comunicarlle ao concello a renuncia de Paloma e un novo domicilio para os efectos de notificacións. Á falta de cinco días para o vencemento do

prazo, Joaquín comunícalle a Paloma que aínda non atopou novo asesoramento e solicítalle que, polo menos, redacte o recurso de alzada. Cal sería a actuación adecuada?

a) Paloma debíalle comunicar fidedignamente a renuncia tamén ao concello e ten a obriga de realizar os actos necesarios para evitar a indefensión e a perda de dereitos de Joaquín, polo que debe redactar o recurso de alzada de forma previa ao seu pleno apartado do asunto.

b) Paloma ten a obriga de realizar os actos necesarios para evitar a indefensión e a perda de dereitos de Joaquín en todo caso, polo que debe redactar o recurso de alzada e non pode renunciar ata a resolución deste, en caso de resultar novamente desfavorable, ata a interposición do correspondente recurso contencioso-administrativo.

c) Paloma debíalle comunicar fidedignamente a renuncia tamén ao concello, nese caso queda liberada de toda obriga profesional respecto de Joaquín e non estaría obrigada a redactar o recurso de alzada.

d) Paloma quedou liberada de toda obriga profesional respecto de Joaquín coa notificación fidedigna da súa renuncia, que realizou con tempo suficiente para asegurar que Joaquín puidese atopar novo asesoramento.

45 - Manuel, domiciliado en Madrid, é dono xunto co seu tío Pedro, domiciliado en Ávila, dun predio rústico situado en Segovia, que arrendou xunto con Pedro a unha empresa de eventos nupciais. Manuel sempre se desentendeu da administración do predio delegando en Pedro, aínda que desde hai un tempo empezou a preguntarse se as cantidades que este lle entrega se axustan aos beneficios que lle corresponderían pola súa participación na cousa común, dado que Pedro agora se nega a xustificarlle as ditas cantidades. Antes de presentar demanda, Manuel quere pedirlle ao xuíz que Pedro lle exhiba a documentación de ingresos e gastos relativos ao predio. Cal é o xulgado territorialmente competente para resolver sobre a súa petición?

a) É competente un xulgado de Madrid, por ser o domicilio do solicitante, que viu obstaculizado o seu dereito de información sobre a administración da cousa común.

b) É competente un xulgado de Ávila, por ser o domicilio da persoa que debe exhibir a documentación solicitada.

c) É competente un xulgado de Segovia, por ser o lugar onde radica o predio.

d) Son competentes tanto o de Ávila como o de Segovia, podendo elixir o solicitante ante cal deles presenta a petición de dilixencias preliminares.

46 - Pascual acaba de incorporarse á quenda de oficio do seu colexio de avogados e recibiu unha designación para tramitar un procedemento de divorcio en nome de María, que obtivo o recoñecemento do dereito de asistencia xurídica gratuíta. Que comprenderá a súa actuación?

a) Deberá exercer a defensa no procedemento de divorcio na primeira instancia.

b) Deberá exercer a defensa no procedemento de divorcio na primeira instancia e, se as houber, nas medidas provisionais.

c) Deberá exercer a defensa no procedemento de divorcio na primeira instancia, nas medidas provisionais, se as houber, e no recurso contra a sentenza que poña fin á instancia, pero nunca intervirá nunha posible execución da sentenza.

d) Deberá exercer a defensa no procedemento de divorcio na primeira instancia, nas medidas provisionais, se as houber, no recurso contra a sentenza que poña fin á instancia e na execución da sentenza sempre que as actuacións de execución se produzan durante os dous anos seguintes á resolución xudicial ditada na instancia.

47 - Katia, avogada dun investigado nun delito de lesións, proponlle a Íñigo, avogado que actúa en defensa do prexudicado en exercicio da acusación particular, un acordo polo que o seu cliente asumiría tanto a responsabilidade penal como a civil derivada do delito. Existindo discrepancia respecto da contía da indemnización non se alcanza o acordo entre as partes e finalmente se celebra o acto do xuízo oral en que a acusación solicita a condena do procesado e a defensa a súa libre absolución. No trámite do informe o avogado da acusación particular argumenta ante o órgano de axuízamento, sen autorización ningunha, que dificilmente a defensa pode manter a inocencia do seu cliente cando estivera disposta a alcanzar un acordo asumindo a responsabilidade penal polos feitos cuxa autoría agora é negada. A conduta do avogado Íñigo:

a) Resulta contraria á obrigaón de todo avogado de non divulgar ou someter aos tribunais unha proposta de arranxo amigable feita pola defensa da parte contraria sen a súa autorización expresa.

b) Resulta contraria á obrigaón de todo avogado de non manter a acusación contra a parte contraria coa que se estivo negociando un acordo extraoficial do conflito.

c) Resulta acorde coas normas deontolóxicas xa que a parte contraria non quixo conformarse cun acordo satisfactorio para todos os intervinientes.

d) Resulta acorde coas normas deontolóxicas xa que a parte que divulga ante o órgano de axuízamento a existencia das negociacións previas é quen exerce lexitimamente a acusación particular.

48 - Ernesto ten un local de negocio na cidade de Cartaxena, e asina un contrato de arrendamento con Evaristo para que desenvolva nel un negocio de bar-disco. Ernesto e Evaristo tamén asinan outro escrito independente do contrato de arrendamento, polo que acordan que as diferenzas que poidan xurdir entre eles en relación co dito arrendamento serán sometidas a arbitraje. Sinala a resposta correcta:

a) Neste caso non existe un convenio arbitral válido porque as materias reguladas pola Lei de arrendamentos urbanos non poden ser sometidas a arbitraje.

b) Neste caso existe un convenio arbitral válido. Isto implica que, se un deles demanda o outro ante un Tribunal, en calquera momento do proceso se poderá alegar a existencia do convenio arbitral e ante esta alegación o xuíz deberá absterse de coñecer.

c) Neste caso existe un convenio arbitral válido. Iso non impide a ningunha das partes, mesmo durante a tramitación das actuacións arbitrais, poder solicitarlle a un tribunal a adopción de medidas cautelares ou a este concedelas.

d) Neste caso non existe un convenio arbitral válido porque a vontade de someterse a arbitraje debería aparecer como cláusula incorporada ao propio contrato de arrendamento.

49 - Mónica encomendou a levanza dun asunto a Patricia, avogada. Esta presentoulle un orzamento de honorarios de 2000 €, cantidade que se estableceu de forma aproximada a expensas do traballo efectivamente requirido polo encargo, e solicitoulle unha provisión de fondos de 1000 €, que Mónica aboou cumpridamente. Á finalización do encargo, Patricia remite unha factura de 2000 €, acorde co orzamento presentado no seu día, da que desconta a provisión de fondos aboada e aplica os impostos correspondentes. Mónica aboa a factura e solicítalle a Patricia que lle dea conta detallada das actuacións realizadas no desempeño do encargo. Indique a resposta correcta:

a) O pagamento da factura supón a aceptación dos honorarios contidos nesta e a liberación das obrigaóns profesionais de Patricia.

b) A minuta final correspóndese estritamente co orzamento aproximado que presentou Patricia, polo que cumpriu todos os termos da relación profesional que a une a Mónica.

c) A minuta debe expresar detalladamente os conceptos determinados dos honorarios, polo que Patricia debe dar conta detallada das actuacións realizadas para a xustificación daqueles.

d) Unicamente será esixible a rendición de contas respecto das cantidades percibidas para o cliente, e só cando este o solicite.

50 - Jordi, inmediatamente tras obter o seu título, incorporouse a un colexio de avogados e veu exercendo a profesión por conta propia ao longo de tres anos. Acaba de ter unha entrevista con Cosme, titular dun despacho de avogados especializado en asuntos de dereito administrativo, materia na que Jordi non ten moita experiencia. Pode Jordi empezar a traballar para o despacho de Cosme cun contrato de traballo en prácticas de acordo co Real decreto 1331/2006, do 17 de novembro, polo que se regula a relación laboral de carácter especial dos avogados que prestan servizos en despachos de avogados, individuais ou colectivos?

a) Si, dado que Jordi necesita adquirir a aprendizaxe práctica en dereito administrativo.

b) Si, a condición de que se lle asigne un titor con máis de cinco anos de antigüidade no exercicio da profesión.

c) Si, porque as partes poden concertar o contrato en calquera das modalidades previstas legalmente.

d) Non, neste caso non é posible celebrar contrato de traballo en prácticas.

Preguntas de reserva

1 - Cales son os órganos de goberno dos colexios de avogados?

a) Cada colexio de avogados será rexido polo Reitor, a Xunta de Goberno e a Xunta Xeral.

b) Os órganos dos colexios de avogados son o Decano, a Xunta de Administración e a Asemblea permanente.

c) Cada colexio de avogados será rexido polo Decano, a Xunta de Goberno e a Xunta Xeral, e poden existir, ademais, se o dispoñen os estatutos particulares dos colexios, unha Asemblea Colexial de carácter permanente.

d) Cada colexio de avogados será rexido polo Decano, o Consello de Goberno e a Xunta Xeral, e poden existir, ademais, se o dispoñen os estatutos particulares dos colexios, unha Asemblea Colexial de carácter permanente.

2 - Candelaria, avogada, recibiu un correo electrónico dunha compañeira comunicándolle que a vai substituír na defensa dun cliente, para os efectos de venia profesional. Candelaria contestou confirmando a recepción do correo e dándose por informada da substitución, pero, nun segundo correo, a nova avogada pídlle a Candelaria que lle remita todos os documentos facilitados polo cliente. Que debe facer Candelaria?

a) Deberá poñer á disposición da nova avogada toda a documentación relativa ao asunto que figure no seu poder.

b) Deberá facilitarlle á peticionaria unicamente a documentación que esta especificamente requira de forma fidedigna.

c) Non deberá facilitarlle á peticionaria documentación ningunha mentres non reciba unha notificación fidedigna do propio cliente.

d) Non deberá poñer a documentación á disposición da nova avogada ata que se liquiden os honorarios devindicados ata o momento da substitución.

3 - José Manuel, avogado, defende os intereses de varios clientes afectados pola expropiación dos seus terreos, lindeiros cunha autovía que a Administración debe ocupar para ampliar o número de carrís. Os terreos de dous deses clientes non só son lindeiros coa autovía, senón que ademais son lindeiros entre si, sen que se poñan de acordo sobre a súa extensión superficial, que non está deslindada, achacándose ambos os clientes, mutuamente, a usurpación de superficie a expropiar. Cal será a actuación correcta do avogado?

a) O avogado debe renunciar ao asesoramento do último cliente que contratase os seus servizos.
b) O avogado pode continuar asesorando a ambos os dous ata que se dilucide xudicialmente cal deles ten razón sobre a pretendida usurpación de terreo.

c) O avogado debe renunciar ao asesoramento de ambos os clientes.

d) O avogado debe promover un deslinde xudicial en nome daquel que dispoña de probas fidedignas contra o outro.

4 - Nun xulgado de Pontevedra o demandante presenta, coa súa demanda, distintos documentos redactados en galego. Estes documentos:

a) Teñen que traducirse ao castelán para que teñan validez e eficacia no procedemento.

b) En ningún caso poderán traducirse de oficio ao castelán.

c) Poderán traducirse por instancia de parte que alegue indefensión.

d) Só poderán traducirse ao castelán se tales documentos van producir efecto fóra da xurisdición dos órganos xudiciais sitos en Galicia.

5 - Maika quere colexiarse como avogada exercente por conta propia, o que implica que en materia de previsión social deberá darse de alta:

a) No réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos (RETA), ou ben nunha mutualidade de previsión social.

b) Obrigatoriamente, tanto na Seguridade Social como nunha mutualidade de previsión social.

c) Obrigatoriamente, na Mutualidade da Avogacía, sen que poida elixir outra opción.

d) Obrigatoriamente, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos (RETA), sen que poida elixir outra opción.

6 - Poden os xulgados e tribunais rexeitar unha pretensión por motivos formais?

a) Non, o principio de tutela xudicial efectiva implica que non cabe o rexeitamento dunha pretensión por motivos formais.

b) Si, poderán rexeitalas por motivos formais cando o defecto non fose emendable ou non se emendase polo procedemento establecido nas leis.

c) Si, pero unicamente cando a pretensión estea afectada por defecto non emendable.

d) Si, e iso implica que no caso de que os actos das partes estean afectados por defectos emendables, os xulgados non teñen ningunha obriga de procurar que poidan ser emendados.

A. MATERIA ESPECÍFICA

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN LABORAL

1 - Unha empresa ten prestando servizos laborais a un traballador, pero non o deu de alta na Seguridade Social. A empresa ten concertadas a incapacidade temporal por continxencias comúns e profesionais cunha mutua. O traballador sofre un accidente de traballo e permanece seis meses en situación de incapacidade temporal. Quen aboará o subsidio ao traballador?

- a) A mutua non anticipará o subsidio porque o traballador estaba sen asegurar.
- b) A mutua unicamente anticipará o subsidio se o traballador denuncia previamente a súa situación ante a Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- c) A mutua deberá anticipar en todo caso o subsidio de incapacidade temporal.**
- d) A mutua só aboará o subsidio cando o xulgado do social declare a insolvencia da empresa.

2 - Rafael necesita para a súa empresa un novo transportista, o actual xubilárase proximamente. O seu amigo Andrés, que ten unha furgoneta, ofreceulle os seus servizos e chegaron a un acordo verbal concretando que comezará o vindeiro día 1 de mes, durante un ano, realizando portes tres días á semana. Que modalidade de contrato de traballo celebraron?

- a) Contrato a tempo parcial.
- b) Contrato de relevo.
- c) O contrato presumírase celebrado a tempo completo, salvo proba en contrario que acredite o carácter parcial dos servizos.**
- d) Contrato formativo e de aprendizaxe.

3 - Juan ten 17 anos de idade e autorización dos seus pais para traballar. Juan pediulle ao seu tío que o contrate como camareiro no seu restaurante as fins de semana, en horario de 21.00 h a 24.00 h. Non obstante, cando o avogado prepara o contrato de traballo advírtelle ao tío de Juan que non é posible que o subscriba neses termos. Que impide asinar o contrato?

- a) A actividade laboral, os menores de idade non poden traballar na hostalería de acordo coa Lei de prevención de riscos laborais.
- b) A duración do contrato non pode ser inferior a 4 horas diarias.
- c) O horario de traballo, os menores de idade non poden realizar traballos nocturnos. Considérase traballo nocturno o realizado entre as dez da noite e as seis da mañá.**
- d) Non existe ningún impedimento para a súa sinatura, a condición de que o contrato de traballo sexa asinado polo menor de idade en unión do seu representante legal.

4 - Andrés fixo uso do seu dereito para reducir a súa xornada laboral para coidar a súa filla con discapacidade. Dous anos despois de comezar a realizar só media xornada a empresa pecha e extingue os contratos. A que indemnización terá dereito?

- a) Á que corresponda á súa xornada efectivamente realizada.
- b) Á que lle correspondese sen considerar a redución de xornada efectuada.**
- c) A ningunha por reducir a súa xornada.
- d) Non pode ser despedido en ningún caso durante o exercicio do seu dereito á redución de xornada.

5 - A África, letrada dunha central sindical, os seus representados fórmulanlle unha dúbida xurdida nunha negociación de convenio colectivo. A dirección da empresa propón regular o modo en que se documentará o rexistro diario de xornada. Que lles indicará África aos seus representados sobre esa proposta?

- a) Non existe obrigaón de rexistrar diariamente a xornada salvo actividades específicas vinculadas ao traballo no mar.
- b) A negociación colectiva pode entrar en como se organizará e documentará o rexistro de xornada.**
- c) A negociación colectiva non pode entrar nesta materia.
- d) A lei regula por completo esta materia.

6 - Á empresa “ XX” notificáronlle sentenza pola que declaran o despedimento disciplinario dunha traballadora como improcedente. Na mesma sentenza comunicanlle que ten 5 días para optar por readmitir á traballadora ou indemnizala coa indemnización legal que determina a sentenza. A empresa non opta no prazo previsto. Cal é a consecuencia?

- a) Se a empresa non opta pola readmisión ou a indemnización, enténdese que procede a indemnización.
- b) Se a empresa non opta pola readmisión ou a indemnización, enténdese que procede a que decida o traballador requirido para iso.
- c) Se a empresa non opta pola readmisión ou a indemnización, enténdese que procede a readmisión.**
- d) Se a empresa non opta pola readmisión ou a indemnización, enténdese que procede a que considere o maxistrado en atención ás circunstancias do asunto.

7 - O contrato de traballo celebrado por Juan e a empresa construtora en que presta os seus servizos foi declarado nulo parcialmente polo xulgado do social. Que fontes da relación laboral rexerán para a parte declarada nula?

- a) As disposicións legais e regulamentarias do Estado, os convenios colectivos e a vontade das partes.**
- b) Os usos ou costumes locais e profesionais primarán en defecto de norma con rango de lei.
- c) Os convenios colectivos rexen en todo caso para o non pactado nun contrato de traballo.
- d) Unicamente as disposicións legais e regulamentarias da comunidade autónoma onde se celebrou o contrato.

8 - Juan recibiu comunicación de despedimento disciplinario por incumprimento do contrato de traballo debido á súa falta de puntualidade ao traballo durante varios días. É causa suficiente para o seu despedimento?

- a) Si, pois aínda que estivese xustificada require aviso previo ao seu patrón para evitar prexuízos na prestación dos servizos da empresa.
- b) Non, o despedimento deberá basearse nun incumprimento grave e culpable do traballador.**
- c) Si, a falta de puntualidade reiterada considérase falta grave no Estatuto dos traballadores.
- d) Non, a falta de puntualidade repetida e inxustificada non constitúe unha causa de incumprimento contractual.

9 - A empresa X decidiu decretar o despedimento colectivo por causas obxectivas de máis de cincuenta traballadores con idades comprendidas entre os 35 aos 45 anos, aínda que a empresa non está incurso nun procedemento concursal. Que lles deberá ofrecer a empresa X aos traballadores afectados?

- a) Deberá realizar unha achega económica ao Tesouro Público.
- b) Deberá ofrecerlles aos traballadores afectados un curso para un período máximo de seis meses con formación e orientación profesional, con atención personalizada ao traballador afectado e procura activa de emprego.
- c) Deberá ofrecerlles aos traballadores afectados un plan de recolocación externa a través de empresas de recolocación autorizadas.
- d) Un despedimento colectivo de máis de cincuenta traballadores aínda que sexa por causas obxectivas será nulo.

10 - Fernando ten dous fillos de 6 e 9 anos e decidiu solicitarlle ao seu xefe redución de xornada de traballo diario para dedicar máis tempo ao seu coidado e educación. Que parámetros legais determinarán a xornada laboral?

- a) A redución da xornada de traballo diaria, con diminución proporcional do salario, será entre, polo menos, un oitavo e un máximo da metade da duración daquela.
- b) A redución da xornada de traballo diaria, sen diminución proporcional do salario, será entre, polo menos, un oitavo e un máximo da metade da duración daquela.
- c) A redución da xornada de traballo diaria, con diminución proporcional do salario, será entre, polo menos, un noveno e un máximo da sexta parte da duración daquela.
- d) A redución da xornada de traballo diaria, sen diminución proporcional do salario non pode superar unha sétima parte da duración daquela.

11 - Caterina é delegada comercial nun importante laboratorio farmacéutico. Pídelles á súa avogada que lle reclame xudicialmente as cantidades do complemento variable do pasado trimestre que aínda non lle pagaron. Tendo en conta que a empresa ten o seu domicilio en Barcelona pero Caterina traballa nas provincias de Málaga e Córdoba, onde debe presentarse a demanda?

- a) Obrigatoriamente en Barcelona.
- b) Ten que presentar dúas demandas, unha en cada provincia onde presta servizos.
- c) Debe presentala en Madrid, na Audiencia Nacional, por ser unha cuestión que afecta o territorio de varias comunidades autónomas.
- d) O traballador poderá elixir entre aquel deles en que teña o seu domicilio, o do contrato, se atopándose nel, o demandado puidese ser citado, ou o do domicilio do demandado.

12 - Izan pretende formular demanda por discriminación laboral contra a empresa onde presta os seus servizos profesionais, pois entende que foi prexudicado no proceso de selección debido á súa orixe étnica. O proceso de selección tiña como fin acceder a un posto superior dentro do seu departamento profesional. Que órgano xudicial será competente territorialmente para coñecer da demanda?

- a) O xulgado do social do lugar onde presta os seus servizos, con carácter preferente.
- b) A sala do social do lugar onde a empresa teña o seu domicilio social.
- c) O xulgado do social do lugar onde o traballador teña o seu domicilio fiscal.
- d) O xulgado do social do lugar de prestación dos servizos ou o do domicilio do demandado, a elección do demandante.

13 - Jorge esgotou o prazo de trescentos sesenta e cinco días da prestación de incapacidade temporal e tras recibir a alta médica emitida polos órganos competentes das entidades xestoras da Seguridade Social móstrase desconforme coa decisión. Pode impugna-la o seu avogado?

- a) Si, poderá impugna-la sen necesidade de esgotamento previo da vía administrativa.
- b) Si, tras esgotamento previo da vía administrativa.
- c) Non se pode impugnar a dita alta médica debido a que se esgotou a duración máxima da incapacidade temporal.
- d) Nunca se pode impugnar a alta médica.

14 - Presentada demanda conxunta por máis de dez actores ante o xulgado do social, é necesario que designen un representante común. Quen deberá asumir a representación no proceso?

- a) Este representante común deberá ser necesariamente un procurador.
- b) Este representante común deberá ser necesariamente avogado, procurador, graduado social colexiado, un dos demandantes ou un sindicato.
- c) Só un dos demandantes pode asumir a representación común.
- d) Necesariamente os sindicatos cando se trate dunha demanda colectiva que afecte a liberdade sindical.

15 - Julio, Javier e Sergio sufriron un accidente de traballo cando se atopaban prestando os seus servizos para a empresa en que traballan e pretenden demandar o empresario para reclamar o resarcimento dos danos e perdas que lles corresponde. Poden exercitar as súas accións simultaneamente?

- a) En reclamacións sobre accidente de traballo e enfermidade profesional só se poderán acumular as pretensións de resarcimento de danos e perdas se recaeron no mesmo xulgado.
- b) En reclamacións sobre accidente de traballo e enfermidade profesional poderanse acumular todas as pretensións de resarcimento de danos e perdas derivadas dun mesmo feito.
- c) En reclamacións sobre accidente de traballo e enfermidade profesional non se poderán acumular as pretensións de resarcimento de danos e perdas.
- d) En reclamacións sobre accidente de traballo e enfermidade profesional só se poderán acumular as pretensións de resarcimento de danos e perdas cando o xuíz o acorde de oficio.

16 - Felipe, avogado de Lucía, debe presentar un escrito no prazo de vinte días no xulgado do social, ata cando pode facelo?

- a) Pode presentalo ata as quince horas do día hábil seguinte ao do vencemento do prazo no servizo común procesual creado para ese efecto ou, de non existir este, na sede do órgano xudicial.
- b) Pode presentalo ata as quince horas do día hábil seguinte ao do vencemento do prazo no xulgado que preste o servizo de garda.
- c) Pode presentalo ata as doce horas do día hábil seguinte ao do vencemento do prazo na sede do órgano xudicial.
- d) Pode presentalo ata as doce horas do día hábil seguinte ao do vencemento do prazo no servizo común procesual creado para ese efecto ou, de non existir este, na sede do órgano xudicial.

17 - Roberto, avogado da parte demandante, durante a celebración do xuízo ante o xulgado do social, propón proba testemuñal, aínda que o xuíz a inadmite. Que pode facer Roberto?

- a) Deberá renunciar a ela, sen prexuízo de que a poida solicitar de novo con posterioridade á vista do resultado do resto da proba.
- b) Poderá formular recurso contra a inadmisión de calquera medio de proba, e o xuíz deberá resolver no acto.
- c) **Poderá facer constar a súa protesta no acto contra a inadmisión de calquera medio de proba, para os efectos do correspondente recurso contra a sentenza.**
- d) Poderá facer constar a súa protesta no acto contra a inadmisión de calquera medio de proba, sempre que o avogado da outra parte non se opoña a iso.

18 - Javier foi citado ao acto de conciliación promovido por Alfonso, traballador da súa empresa, como requisito previo á presentación dunha demanda por despedimento. O día sinalado Javier comparece ao acto de conciliación, pero non se presenta Alfonso, nin alega causa xusta. Cales son as consecuencias da incomparecencia?

- a) Citarase de novo as partes para un intento de conciliación.
- b) **Terase por non presentada a papeleta de conciliación, e archivarase todo o actuado.**
- c) Terase a conciliación por intentada sen efecto.
- d) Entenderase que renuncia a calquera tipo de acción.

19 - A entidade xestora da Seguridade Social resolveu expresamente outorgar a alta médica da súa incapacidade temporal por enfermidade profesional a Telmo despois do transcurso de cento oitenta días. Telmo está descontento con esta polo que acode ao voso despacho profesional para asesorarse se pode presentar demanda. Debedes informarlle que:

- a) Pode presentar demanda directamente sen necesidade de reclamación administrativa previa ante a entidade xestora como ocorre en todos os procedementos de impugnación das resolucións administrativas expresas en que se acorda a alta médica.
- b) **Debe interpoñer reclamación previa ante a entidade xestora como requisito necesario para formular demanda en materia de prestacións de Seguridade Social, no prazo de once días desde a notificación da resolución.**
- c) Debe interpoñer reclamación previa ante a entidade xestora como requisito necesario para formular demanda en materia de prestacións de Seguridade Social, no prazo de vinte días desde a notificación da resolución.
- d) Pode presentar demanda directamente sen necesidade de reclamación administrativa previa ante a entidade xestora xa que se trata dunha resolución administrativa expresa que acorda a alta médica ao esgotarse o prazo de duración de cento oitenta días da prestación de incapacidade temporal.

20 - Lola non percibiu o pago do seu salario durante tres meses debéndolle a súa empresa a cantidade de 4050 € e malia que lles fixo varios requirimentos non procederon ao seu aboamento. Pode reclamar no proceso monitorio?

- a) **Si pode, xa que se trata de cantidades vencidas, esixibles e de contía determinada que non excede de 6000 €, derivadas da súa relación laboral, sempre que o empresario non se atope en situación de concurso.**
- b) Si pode, xa que se trata de cantidades vencidas, esixibles e de contía determinada que non excede de 6000 €, derivadas da súa relación laboral, se o empresario se atopa en situación de concurso.
- c) Non pode, xa que se trata de cantidades vencidas, esixibles e de contía determinada que non excede de 6000 €, derivadas da súa relación laboral.

d) Non pode xa que se trata de cantidades vencidas, esixibles e de contía determinada que non excede de 6000 €, derivadas da súa relación laboral, se non o pactou co empresario no seu contrato de traballo.

21 - Vicente foi sancionado pola súa empresa pola comisión dunha falta leve, con todo, non está conforme coa sanción imposta e quere impugnala, cal é o prazo de que dispón para presentar a demanda?

- a) Vinte días naturais seguintes.
- b) Vinte días hábiles seguintes.
- c) Dez días hábiles seguintes.
- d) Dez días naturais seguintes.

22 - O xulgado competente dita sentenza tras a impugnación polo traballador ao que lle modificaron o horario e valida a medida tomada pola empresa, entendendo que existen razóns organizativas xustificadas. Pode o traballador recorrer contra a sentenza?

- a) Non, xa que contra esta non cabe recurso.
- b) Si, contra esta cabe recurso de suplicación ao tratarse de modificación substancial de condicións de traballo.
- c) Si, contra esta cabe recurso de revisión ao tratarse de modificación substancial de condicións de traballo.
- d) Si, contra esta cabe recurso de queixa ao tratarse de modificación substancial de condicións de traballo.

23 - O sindicato interpón demanda de conflito colectivo en defensa dos intereses dun grupo de traballadores ante o xulgado do social competente. Este proceso:

- a) Terá carácter urxente e a preferencia no despacho de asuntos será absoluta sobre calquera outro incluídos os de tutela dos dereitos fundamentais e liberdades públicas.
- b) Terá carácter urxente e a preferencia no despacho de asuntos será absoluta sobre calquera outro, se así o acorda o xuíz de oficio.
- c) Terá carácter urxente e a preferencia no despacho de asuntos será absoluta sobre calquera outro, salvo os de tutela dos dereitos fundamentais e liberdades públicas.
- d) Terá carácter urxente e a preferencia no despacho de asuntos será absoluta sobre calquera outro, se así se solicita na demanda.

24 - Álvaro interpuxo demanda por extinción do contrato de traballo por causas obxectivas e o xulgado do social competente ditou sentenza que lle é desfavorable. Pode recorrer contra ela?

- a) Pode interpoñer recurso de suplicación que coñecerá a sala do social do tribunal superior de xustiza e que deberá anunciar dentro dos dez días seguintes ao da notificación da sentenza.
- b) Pode interpoñer recurso de reposición que coñecerá a sala do social do tribunal superior de xustiza que deberá anunciar dentro dos cinco días seguintes ao da notificación da sentenza.
- c) Pode interpoñer recurso de suplicación que coñecerá a sala do social do tribunal superior de xustiza, que deberá anunciar dentro dos cinco días seguintes ao da notificación da sentenza.
- d) Pode interpoñer recurso de reposición que coñecerá a sala do social do tribunal superior de xustiza que deberá anunciar dentro dos dez días seguintes ao da notificación da sentenza.

25 - Ramón tras un lento proceso por fin obtivo sentenza condenatoria ao pago das cantidades debidas ao seu cliente polos salarios impagados. A empresa segue sen atender as súas obrigas e considera instar a execución, que prazo ten para iso?

- a) Ten un prazo de caducidade de vinte días.
- b) A execución de sentenzas non está sometida a prazo ningún, pode instarse en calquera momento.
- c) Ten un prazo de caducidade dun ano.
- d) **Sexa cal for o prazo aplicable sempre será de prescripción.**

Preguntas de reserva

1 - Juan, como avogado, interpuxo unha demanda pola que impugnaba o despedimento disciplinario do seu cliente, que foi admitida mediante decreto e sinalado xuízo. Juan quere que se cite unha testemuña polo que vai solicitar o auxilio xudicial para que sexa citada e compareza o día do xuízo, cando debe facelo?

- a) Poderá solicitar, polo menos con dez días de antelación á data do xuízo, aquelas probas que, tendo que practicarse neste, requiran dilixencias de citación ou requirimento, salvo cando o sinalamento se deba efectuar con antelación menor, nese caso o prazo será de cinco días.
- b) Poderá solicitar, en calquera momento, aquelas probas que, tendo que practicarse neste, requiran dilixencias de citación ou requirimento, e deberase suspender o acto de xuízo se non se puideron practicar ou se finalmente se solicita no acto de xuízo.
- c) **Poderá solicitar, polo menos con cinco días de antelación á data do xuízo, aquelas probas que, tendo que practicarse neste, requiran dilixencias de citación ou requirimento, salvo cando o sinalamento se deba efectuar con antelación menor, nese caso o prazo será de tres días.**
- d) Poderá solicitar, polo menos con tres días de antelación á data do xuízo, aquelas probas que, tendo que practicarse neste, requiran dilixencias de citación ou requirimento.

2 - Marcos, traballador dunha empresa de etiquetaxe recibiu unha comunicación por escrito individual de modificación do seu horario, alegando a empresa motivos organizativos. Esta medida comunícase cun aviso previo de quince días, logo de transcorridos, farase efectiva. Marcos quere impugnar a medida por entender que non existen os motivos alegados pola empresa. Que prazo ten para impugnar a medida?

- a) A demanda deberá presentarse no prazo de caducidade dos dez días hábiles seguintes ao da notificación por escrito da decisión ao traballador.
- b) A demanda deberá presentarse no prazo de caducidade dos vinte días hábiles seguintes ao da data en que produza efectos a modificación.
- c) A demanda deberá presentarse no prazo de caducidade dos dez días hábiles seguintes ao da data en que produza efectos a modificación.
- d) **A demanda deberá presentarse no prazo de caducidade dos vinte días hábiles seguintes ao da notificación por escrito da decisión ao traballador.**